

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 4 DE XULLO DE 2019

**Asistentes:**

**Presidenta**

Reboreda Morillo, Susana

**Vicedecano**

Fernández Fernández, Adolfo

**Secretaría**

Cadilla Lomba, Josefina T.

**PDI**

Barrriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

**PDI contratado**

Domínguez López, Ángel

Presedo Garazo, Antonio

**PAS**

Rodríguez Bouzas, Josefa

**Desculpan a súa ausencia:**

**PDI**

Castro Pérez, Ladislao

Juana López, Jesús de

López Díaz, María

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran ao marxe, o xoves 4 de xullo de 2019, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.-Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 25 de xuño de 2019.

2.- Informe da presidenta.

3.-Aprobación, se procede, do procedemento relativo á satisfacción de usuarias e usuarios do seguintes rexistros:

3.1.- Proposta de Plan anual de avaliación das usuarias e usuarios.

3.2.- Plan anual de avaliación das usuarias e usuarios.

3.3.- Fichas técnicas do deseño da actividade de avaliación.

3.4.- Informe de resultados da avaliación.

3.5.- Informe de seguimento do PAESU.

4.- Aprobación, se procede, da planificación e desenvolvemento da docencia:

4.1.- Modificación do procedemento para o seguimento e control da docencia.

4.2.- Aprobación, se procede, das guías docentes.

4.3.-Aprobación, se procede, do calendario escolar da Facultade de Historia, para o curso 2019 – 2020.

4.4.- Aprobación, se procede, dos horarios do Grao e Xeografía e Historia e do PCEO Grao en Turismo – Grao en Xeografía e Historia, para o curso 2019 – 2020.

4.5.- Aprobación, se procede, do calendario de exames do Grao en Xeografía e Historia e do PCEO Grao en Turismo – Grao en Xeografía e Historia, para o curso 2019 – 2020.

5.- Aprobación, se procede, do novo Regulamento do Traballo Fin de Grao da Facultade de Historia.

6.- Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura dos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta. Indica que xa depositaron o título co cal, deixan de pertencer polo sector de alumnado á xunta de facultade os seguintes estudantes: Juan Manuel Galiña Lorenzo, Manuel García Cabo, Virginia Núñez Remacho, e Lucía Rodríguez Álvarez. Polo sector de alumnado de 3º ciclo Iria Souto García comunicou na xunta de facultade do día 25 de xuño que deixaba de pertencer á citada xunta e ás comisións delegadas porque o día 29 do mesmo mes finalizaba o seu contrato. Cando comece o curso 2019/2020 haberá que convocar eleccións polas mencionadas vacantes.

## **1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 25 de xuño de 2019.**

A presidenta explica que Beatriz Comendador, profesora e coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade solicitou por correo electrónico que se introducira unha pequena modificación na acta en relación ás modificacións do mestrado, realízase a modificación proposta. Apróbase a acta por asentimento.

## **2.- Informe da presidenta.**

Comeza indicando que a Área de Calidade abriu este ano por primeira vez unha convocatoria para que, voluntariamente, se avalíe internamente o Informe de Revisión pola Dirección elaborado polos centros; considera que para a Facultade de Historia é unha proposta interesante e xa se manifestou o interese en participar.

Realizáronse distintas reunións co alumnado do Grao en Xeografía e Historia, os do PCEO e cos semipresenciais. En relación ao PCEO lamentablemente non se levaron a cabo os cambios solicitados polo alumnado porque non se presentaron a tempo na Xunta de Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo. Manifesta o seu malestar porque eran modificacións moi lóxicas e sería convinte acometelas o antes posible, seguirá tentándose que a decana de Ciencias Empresariais e Turismo o presente á Xunta de Facultade para o vindeiro curso. A outro nivel, o alumnado do PCEO está moi agradecido coas reunións que mantiveron coa decana de Historia, así mesmo explicaron que na outra facultade o trato non é tan directo e apenas contan coa súa opinión. Susana Reboreda volverá tratar das problemáticas que afectan ao alumnado do PCEO con Dolores Rivero, nova coordinadora do Grao en Turismo.

Con respecto ao alumnado semipresencial, continúan solicitando que se realicen pímulas aínda que claro, é algo voluntario e non se pode obrigar ao profesorado a realizalas. Expuxeron que si non se quere gravar que por favor se mande esquema do que se vai dar en cada clase cada día. A decana xa lles

indicou que non se lles pode asegurar nin que todos os profesores graven as clases nin que todos suban os apuntamentos, pola súa parte a coordinadora do grao, Beatriz Vaquero, considera que esta proposta é aceptable e que tentará convencer ao profesorado.

O martes día 9 de xullo a decana e o vicedecano terán unha reunión co Conselleiro de Cultura e Turismo para intercambiar ideas sobre as saídas profesionais do Grao en Xeografía e Historia en relación coa citada consellería, unha vez que se están abrindo novos campos e coa idea de transmitir que para facer tarefas relacionadas coa historia tales como teatralización, recreacionismo, ou visitas históricas guiadas, etc., é preciso ter coñecemento adquirido nas aulas universitarias.

Expoñen ás súas opinións sobre o tema o profesor Antonio Presedo, as profesoras Beatriz Comendador, Beatriz Vaquero, e Elena de Uña. Indícase que non deixa de ser curioso que poidan vir os guías turístico a explicar espazos con interese histórico-patrimonial, mentres que os/as profesionais da arqueoloxía que dirixiron unha escavación ou investigadores da universidade non se consideran capacitados. Manifestan a súa indignación polo proceso de monopolización por parte dos guías turísticos de calquera tipo de actividade que se realice no entorno dos BIC.

Podería ser interesante tentar regular un selo turístico de calidade que identificaría claramente as tarefas deste tipo que están feitas con rigor, é dicir que contarían cun aval turístico-científico. A decana indica que serán benvidas todas as suxestións que se reciban. Resulta evidente o grave agravio comparativo porque o alumnado do Grao en Turismo considérese habilitado automaticamente como guía turístico, aínda que non teña coñecementos nin competencias en materia histórica. Sen embargo, o alumnado do Grao en Xeografía e Historia que ten competencias en materia histórica deben realizar unha oposición sobre contidos en Historia, Arte e Xeografía para adquirir a habilitación como guías turísticos. Evidentemente son peticións difíciles de poder levar a cabo pero é moi interesante que o conselleiro de Cultura e Turismo de Galicia sexa consciente da problemática que existe. A realidade é que se están abrindo novos campos profesionais que deberían realizarse por profesionais con formación histórica/xeográfica e que sen embargo se están a realizar contratando a persoas que teñen pouca ou escasa formación en temas relativos á historia.

Considérase tamén interesante comentar temas relativos á arqueoloxía, por exemplo a subvención que Xunta de Galicia concede todos os anos a USC á Cova de Eirós (considerado coloquialmente como o Atapuerca Galego)

mentres o resto de proxectos arqueolóxicos existentes na UVigo non reciben subvencións.

Antes de comezar cos seguintes puntos da orde do día, a decana explica que xa foron validados na Comisión de Calidade.

**3.-Aprobación, se procede, do procedemento relativo á satisfacción de usuarias e usuarios do seguintes rexistros:**

**3.1.- Proposta de Plan anual de avaliación das usuarias e usuarios**

Explícase que as modificacións respecto ao curso pasado son escasas e derivan de adaptacións a novas realidades que xa se foron comentando ao longo do curso nesta Comisión. Apróbase por asentimento.

**3.2.- Plan anual de avaliación das usuarias e usuarios.**

Explícase que as modificacións respecto ao curso pasado son escasas e derivan de adaptacións a novas realidades que xa se foron comentando ao longo do curso nesta Comisión. Apróbase por asentimento.

**3.3.- Fichas técnicas do deseño da actividade de avaliación**

Explícanse as modificacións máis relevantes. Apróbanse por asentimento.

**3.4.- Informe de resultados da avaliación.**

Explícase que as modificacións respecto ao curso pasado son escasas e derivan de adaptacións a novas realidades que xa se foron comentando ao longo do curso nesta Comisión. Apróbase por asentimento.

**3.5.- Informe de seguimento do PAESU.**

Explícanse que as modificacións respecto ao curso pasado son escasas e derivan de adaptacións a novas realidades que xa se foron comentando ao longo do curso nesta Comisión. Apróbase por asentimento.

**4.- Aprobación, se procede, da planificación e desenvolvemento da docencia:**

**4.1.- Modificación do procedemento para o seguimento e control da docencia.**

O motivo de presentar este procedemento modificado obedece a importancia de ser o máis fieis posibles a realidade do centro. Este modelo está tomado da Facultade de Belas Artes da UVigo que se adaptou a nosa facultade; previamente enviouse ao colaborador de Calidade, Antonio Presedo e a Coordinadora do Grao, Beatriz Vaquero, que fixeron interesantes suxestións que se teñen en conta. Apróbase por asentimento.

#### **4.2.- Aprobación, se procede, das guías docentes.**

A profesora Beatriz Vaquero remitiu o enlace coas guías docentes a todos/as representantes do alumnado e a todo o profesorado. Desde o decanato tamén se remitiron. Non se recibiu ningunha consideración por parte do alumnado. Apróbase por asentimento.

#### **4.3.-Aprobación, se procede, do calendario escolar da Facultade de Historia, para o curso 2019 – 2020.**

O presente calendario ten como referente o calendario da UVigo aprobado en Consello de Goberno que se concretou en relación ás necesidades do centro, nel figuran aspectos como as datas de inicio e fin dos cuadrimestres; as datas de exames; de depósito e defensa do TFG, de entrega de actas. Apróbase por asentimento.

#### **4.4.- Aprobación, se procede, dos horarios do Grao e Xeografía e Historia e do PCEO Grao en Turismo – Grao en Xeografía e Historia, para o curso 2019 – 2020.**

Apróbanse por asentimento, condicionados aos horarios da Facultade de Ciencias da Educación nos que imparte tamén docencia o profesor Alberto Valín que se atopa de baixa médica.

En relación ás saídas de estudos haberá menos porque baixou o orzamento da facultade. Habería que tratar de facer saídas conxuntas nas que estean implicadas varias áreas de coñecemento.

No suposto de que as saídas de estudo se realicen cando o alumnado do PCEO teña clases haberá que darlles unha alternativa igual que ocorre co alumnado semipresencial.

#### **4.5.- Aprobación, se procede, do calendario de exames do Grao en Xeografía e Historia e do PCEO Grao en Turismo – Grao en Xeografía e Historia, para o curso 2019 – 2020.**

Este ano a elaboración deste calendario resultou máis doada que o curso pasado porque no calendario da UVigo contemplouse unha semana máis para a súa elaboración, polo que as datas resultan máis adecuadas. Apróbanse por asentimento.

## **5.- Aprobación, se procede, do novo Regulamento do Traballo Fin de Grao da Facultade de Historia.**

O coordinador do TFG, Julio Prada, explica polo miúdo os cambios que derivan da aplicación no novo regulamento do Traballo Fin de Grao da UVigo aprobado en Consello de Goberno e ao que se debe adaptar o regulamento da Facultade de Historia. Destaca os aspectos fundamentais que cambian: para dar cabida aos predoutourais a proposta inclúe que calquera docente incluído no POD do centro poderá dirixir TFG. Deste xeito pode contarlles na súa carreira curricular, tal e como figura nos apartados que se lles valoran. Propónse, asemade, substituír o actual tribunal formado por tres docentes por outro unipersoal, de xeito que sexa o titor ou titora quen cualifique o TFG, sen prexuízo de que o acto de defensa continúe sendo público. Ao igual que no regulamento vixente, cando o número de propostas de «matrícula de honra» supere á dispoñibilidade efectiva, asignaranse en función da nota media do expediente académico e, en caso de empate, por sorteo. Para que este sistema resulte operativo, o Decanato deberá contactar cos servizos administrativos do centro para solicitar os expedientes do alumando matriculado nesta materia e o profesorado comunicar a este, de xeito inmediato, a proposta mediante copia da acta individualizada.

Outra novidade respecto a cursos anteriores é que se aprobou en Consello de Goberno que a data de entrega das actas do TFG da 2º oportunidade é no mes de setembro, polo que se fixará a maiores unha convocatoria en función desa data; tal e como figura no calendario académico do centro que acabamos de aprobar.

Sometidas a consideración as propostas de modificación do regulamento do TFG da Facultade de Historia, apróbanse por asentimento dos presentes.

## **5. Rolda de intervencións.**

Para a vindeira xuntanza a presidenta indica que haberá que nomear a novos titulares do PAT para os distintos cursos para que non sempre sexan as mesmas persoas.

A profesora Elena de Uña, desexa facer un rogo á Comisión Académica do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural para que se teña en consideración a modificación do regulamento de TFM nas mesmas liñas que o novo regulamento do TFG no tema relativo aos tribunais



unipersoais. O profesor Julio Prada súmase ao devandito rogo por considerar que dada a natureza pluridisciplinar do mestrado e os niveis de especialización dalgúns traballos presentados a mellor garantía para o alumnado de recibir unha cualificación acorde ao mesmo sería a outorgada polo seu titor ou titora.

Fermín Pérez, coordinador do mestrado indica que no caso dos mestrados xa se permite para setembro de 2019 que o alumnado defenda o TFM, sempre claro está, previa solicitude da CAM. Este tema tratarase na vindeira comisión.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.05 h do día 4 de xullo de 2019, da que eu como secretaria , dou fe co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Asinado dixitalmente

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba